

## *O I Conde de Gondomar no espello de Lois Tobío*

FRANCISCO FIDEL MASEDA MASEDA

*“A paisaxe histórica non se compón soamente de cumios e picoutos senón tamén de vales e fondais”*

Lois Tobío

### A MODO DE INTROITO

A historia e os historiadores son ás veces moi desagradecidos e só se acordan daquelas figuras egrexias e importantes de cara ao gran público, como se tras delas non houbera máis nada, non se atopase unha engrenaxe formada por un conxunto de homes que contribuíron de forma calada e eficaz, ao mesmo tempo que substancial, sen agardar nada a cambio, só por cumprir co deber encomendado, aos fitos e logros polos que son gabados e recordados outros de maior renome.

Por iso, a través deste modesto traballo, queremos facer un merecido recordatorio de dúas das figuras máis sobranceiras, e sen embargo máis descoñecidas, da Historia de Galicia, que non son outras ca Lois Tobío e don Diego Sarmiento de Acuña, I conde de Gondomar. Presentándoos dun xeito especial, pois para aproximarnos á figura de Diego Sarmiento de Acuña, seguiremos a ollada peculiar de Lois Tobío, quen utilizou boa parte do escaso tempo libre que lle deixaban as numerosas tarefas nas que se achaba implicado a prol da causa galega, ao intento de recuperar do esquecemento a un dos persoeiros cun currículo do máis inzado e abra-



Lois Tobío. Retrato ao óleo de Juan Boris Guréwitsch



Diego Sarmiento de Acuña. Conde de Gondomar  
Gravado de J. Cuevas, 1879

iante da fabulosa e decadente España do Século de Ouro, o seu querido e menosprezado conde de Gondomar, un cortesán que, pese a ter nacido moi lonxe do omnímodo poder central da monarquía dos Austrias, soubo gañarse, malia as numerosas oposicións que tivo dos validos reais, (próceres tan recoñecidos como Lerma, Úceda e Olivares que vían un inimigo no bo facer do pequeno fidalgo galaico), un lugar na administración e na diplomacia en tempos nos que comeza a decadencia imperial española, chegando a servir a Filipe II, Filipe III e Filipe IV, contribuíndo espectacularmente a soste durante anos, lonxe da súa terra, en territorio chamado de herexes, a puxante Inglaterra de Xacobe I, o prestixio dunha monarquía que como Gondomar ben sabía e dicía, se ía acabando pola posta.

O breve traballo de investigación que a continuación lles presentamos, non pretende ser un traballo historiográfico, nin biográfico, nin unha reconstrución da figura de Gondomar a través da súa inxente correspondencia, a máis copiosa da Idade Moderna Española e que se aproxima ás trinta mil cartas (e outras fontes documentais do seu tempo), o que sería unha tarefa titánica e non propia destas páxinas, senón un reflexo da escrutadora mirada de Tobío perspectivizada nos numerosos textos que dedicou ao estudo do seu homólogo Gondomar, establecendo desta maneira así, Tobío, un diálogo cun home, Gondomar, no que o viveirente ve un espello, un modelo, un prototipo a seguir, non só como home, senón como galego e no que se ve reflectido, e xa non só por ter sido un diplomático coma el, senón por atoparse diante dun ilustre humanista, galego universal que acadou gran renome e sona na España declinante dos Austrias, e na praza política europea máis difícil do seu tempo, a Inglaterra dos Estuardos, o que xa sería dabondo para a meirande parte dos estudosos que quixesen facer unha simple achega histórica á persoa de Gondomar, pero Tobío quixo ir máis alá do mero recoñecemento histórico e dedicará practicamente cincuenta anos do seu traballo intelectual a poñer en voga, en dar a coñecer a unha Galicia tan orfa de guieiros, de patróns exemplares nos que verse representada, a un personaxe da talla humana e intelectual de Gondomar, que sempre por onde foi, tivo a honra e a gala identificarse como galego, que estivo sempre orgulloso da súa caste, do seu idioma, que defendeu e usou en tempos tan escuros para este, para que a nosa memoria, os nosos fitos, non fosen borrados nunca dos anais colectivos galegos<sup>1</sup>.

Con este obxecto, o de amosar o imaxinario e unidimensional diálogo “inter-subxectivo”, existente entre estes dous grandes humanistas, intelectuais e políticos

galegos, apoiáremonos nos seguintes escritos de Tobío sobre Gondomar, os cales mencionaremos ordenados cronoloxicamente<sup>2</sup>, que representan o repertorio de fontes primarias para a elaboración do noso artigo: “Gondomar, bon galego” (1955); “O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres” (1969); “O erasmismo de Gondomar” (1970); “Gondomar e o galego” (1973); *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh* (1974); “Outras dúas cartas en galego a Gondomar” (1977); “A amizade de Bacon e Gondomar” (1980); “Galego familiar escrito a comezos do século XVII” (1980); *A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca* (1984); *Gondomar y los católicos ingleses* (1987); *As Décadas de T.L.* (1994); *Dous embaixadores: Digby e Gondomar* (2005).

Sen máis preámbulos, divisemos a visión tobiana, o particular diálogo que establece Tobío co seu benquerido Gondomar, non sen antes facer un pequeno achegamento ao non menos célebre autor desa ollada, un Tobío, tamén gran humanista e intelectual galeguista e universalista; galego a carta cabal, pero tan ignorado e descoñecido para o gran público, a pesar do seu traballo sempre fiel e impagable, consagrado durante case un século de vida a Galicia e os seus homes e mulleres.

## UN PEQUENO BOSQUEXO

*“Lois Tobío, foi un dos principais persoeiros de Galicia durante este último século, xunto con Castelao”.*<sup>3</sup>

Como xa dixemos na introdución, a figura de Tobío é descoñecida, ignorada, para a meirande parte dos moradores do noso país, o que non é raro se soamente mencionásemos que Lois Tobío naceu en Viveiro en 1906 e licenciouse en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. O cal nos levaría a obviar unha vida<sup>4</sup> intensa e plena que se xesta ao longo de todo o século XX e primeiros anos do XXI. Unha andaina vital plena de enerxías e esforzos en defensa da súa terra galega, sendo plasmados eses traballos tanto no eido cultural como no político, aínda que a maior parte do periplo vital de Tobío tivo lugar fóra de Galicia, botando máis de vinte anos exiliado, aínda que malia a iso, Tobío botou case oitenta anos da súa vida dedicados a Galicia. Unha Galicia da que se viu expulsado por mor das súas firmes conviccións a prol da loita pola liberdade e en contra do absolutismo franquista. Non volvendo nunca as costas Tobío á súa terra, estivese onde estivese, e exerceuse a profesión que exerceuse, (dado que tivo que renunciar ao seu labor como diplomático ao manterse leal ao bando republicano durante a Guerra Civil), tendo sempre como eixo central do seu pensamento o amor e a devoción pola terra que o veu nacer e pola causa galeguista. O que supón un mérito indubidable en tempos tan revoltos como os que lle tocou vivir, dado que Tobío foi un home que podendo levar unha vida máis cómoda, que aínda que naceu no seo dunha familia pequeno burguesa con cultura e cartos, sempre vai optar pola defensa da liberdade. Un home que puido quedar exercendo a avogacía ou a diplomacia de forma tranquila, pero escolleu a ardua defensa dos ideais cos que soñaba para Galicia. Á que quixo situala na vangarda, non só na vangarda política, senón tamén, na vangarda cultural. Xa fose


contribuíndo activamente a prol da autonomía galega, xa fose manténdose firme á legalidade republicana, ou ocupándose de temas máis “prosaicos” dende o Seminario de Estudos Galegos, coma o estudo etnográfico e socioeconómico da súa Galicia, e do seu Viveiro natal, ou dando o seu parecer sobre temas máis “mundiais” como se pode ver no seu labor xornalístico no exilio uruguaio. Sen esquecer a súa participación na organización do I Congreso da emigración galega, a edición da I Historia de Galicia, a creación do estatutario xurídico do Consello de Galicia, e, como non, o estudo doutro galego coma el ilustre, don Diego Sarmiento de Acuña, o I Conde de Gondomar. Todas estas cousas e moitas máis, namentres procuraba activamente a recuperación do noso vilipendiado idioma<sup>5</sup>, vertendo na nosa lingua as obras de Goethe, de Rilke, dos irmáns Mann, Baudelaire, Hesse... e tantas, e tantas outras figuras universais. Facendo un traballo impagable e sen recoñecemento durante case un século.

¿Pero como puido un home abertamente universalista e amante de culturas como a bizantina, tradutor de escritores alemáns, franceses, ingleses... ou que viviu nas grandes urbes de Europa e de América Latina, non desviarse nunca do seu “camiño”? ¿quizais porque o destino no que tanto cría, ou a intervención dun *deus ex machina* lle marcaron a súa senda? ¿como non esquecer nunca o seu loitar sempre por dignificar e enriquecer a Galicia aínda pasando por máis de trinta anos lonxe dela?

Seguramente, a resposta a estas preguntas áchase no compromiso humanista que Tobío tiña non só cara ao seu pobo, senón cara aos outros, que el non vía coma outros, coma alleos e estraños por seren diferentes. Ao contrario, Tobío quixo coller o mellor das olladas deses outros pobos, desas outras culturas, e transplantar ao seu xardín, como el dicía, esas pólas que podían ser útiles, válidas para a nosa realidade, que nos podían axudar a medrar, a ser mellores, adaptando o de fóra ao noso, facéndoo noso, particular. Tobío sempre soubo que isto debía facerse sen illarse, sen crear valados, mediante o establecemento de relacións, para poder apreciar o alleo e valorar o propio na súa xusta medida, tendo así, unha cosmovisión non só unicamente da nosa casa, senón de todas as outras casas que poboan o mundo. Un mundo cheo de matices fermosos que el non quería deixar pasar e desaproveitar sen dalos a coñecer. Nas súas propias verbas<sup>6</sup>:

*“O universalismo non está en contradicción co desenrolo das pátrias, co desenrolo das culturas nacionais, senón todo o contrario. Nunha visión dialéctica -e aquí volta a Marx da historia- e do mundo temos que integrar o camiño cara a universalidade e á intelixencia, o amor e a comprensión de todos os povos, co camiño cara o desenrolo das características nacionais, culturais, económicas... de cada un dos povos que integran a humanidade. A humanidade é un organismo completo onde cada unha das nacións é célula de universalidade. Nós non queremos erguer fronteiras, queremos cultivar o noso xardín, no que se dan flores distintas ás doutros, pero todos para o enriquecemento da vida de toda a humanidade”.*

Magoa que unha das personalidades máis polifacéticas e influentes do último século da Historia de Galicia, un galeguista universalista, un humanista, un pacifista,



Busto do Conde de Gondomar (finais do s. XVI). Madeira tallada, policromada e estolada. 19x16x13. Museo Lázaro Galdiano, Madrid.

un home aberto e tolerante, non puidese deixar unha pegada máis fonda e recoñecida na Galicia contemporánea.

### UNHA TEIMA: O CONDE DE GONDOMAR

Pese a que o interese de Tobío por Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar, se remonta aos seus anos de universitario en Santiago, cando escoitou falar do seu querido Gondomar, metonimia máis ao gusto de Tobío, ao seu profesor Ciriaco Pérez Bustamante, non será, de maneira serodia, ata finais da década dos 60, cando comece a traballar con verdadeira seriedade e rigor, indo ao fondo das cousas como nos di Xulio Ríos<sup>7</sup>, na figura dese noso gran diplomático do século XVII.

¿Quen lle ía dicir a Tobío que el sería diplomático coma Gondomar co paso dos anos e que investigaría tan fondamente na súa figura? De novo o azar xoga unha vez máis un papel clave na vida do viveirense. Pero por riba do destino e dos múltiples intereses compartidos<sup>8</sup> que poidan ter estas dúas grandes figuras da nosa terra galega, o que realmente levou a Tobío a interesarse pola figura do Conde foi a arela deste último manifestada en infinidade de ocasións e en momentos cruciais da súa vida de: só desexar ser e parecer bo e verdadeiro galego. Levando a cabo unha defensa de Galicia non só mediante as armas e contra os inimigos estranxeiros, senón tamén contra aquela xente doutras zonas da Península Ibérica ou da propia Galicia que menosprezaban esa terra e as súas xentes, exercendo sempre orgulloso como galego polo mundo adiante, e dando a coñecer a nosa terra, ademais, como engadiría Tobío<sup>9</sup>:

*“D. Diego Sarmiento precisa dunha rectificación e dunha reivindicación. O máis intelixente habelencioso, competente, pragmático, honesto, sutil, aberto e lúcido de todos os que daquela levaban a política internacional de España”.*

Aínda que o labor investigador non para aí, e traspasa os límites do profesional, chegando ao campo máis íntimo, así Tobío manifestaba sentir unha verdadeira irmandade espiritual co Conde, ao cal describe nas súas Décadas<sup>10</sup>:

*“Era Gondomar home curioso e de moitos saberes, posuía un fino senso do humor e, por riba de todo, era amador da paz, habelencioso para arranxar disparidades e pugas, adondar hirtezas, amigar rifantes, «conformar humores» [...] Sabía verquer no momento preciso as pingas de remedio para baixar a tensión sen amosar nunca febleza, que soe ser contraproducente”.*

Para levar a bo porto esta inxente tarefa, Tobío, á volta xa do exilio, pasou varios anos acudindo meticulosamente todos os sábados, cando libraba do seu traballo, á Biblioteca do Palacio Real, facendo tamén pescudas, na Biblioteca Nacional e na da Academia da Historia. Malia realizar tan dificultoso traballo de investigación, posto que a maior parte do material estaba disperso e aínda falto de catalogación, Tobío queixarase de non poder abarcar toda a enorme cantidade de documentación que nos legou o Conde de Gondomar e de non poder acudir ás fontes que se gardaban en Inglaterra para facer un estudo completo do personaxe.

Os traballos de Tobío sobre o Conde de Gondomar publícanse, como xa dixemos, dende a etapa en Montevideo como exiliado, cun traballo para a revista *Galicia Emigrante*, titulado “Gondomar, bon galego” (1955); ata a publicación tras varios anos de *impasse* en 1969 en *Grial* dun ensaio chamado: “O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres”, e máis tarde, nesa mesma revista, “O erasmismo de Gondomar” (1970); “Gondomar e o galego” (1973); “Outras dúas cartas en galego a Gondomar” (1977); “A amizade de Bacon e Gondomar” (1980); e “Galego familiar escrito a comezos do século XVII” (1980); na *Revista de Estudos Internacionais*, publicará “Cuestiones de precedencia en la Corte Inglesa durante la emabajada de Gondomar” (1984). E en 1977 a conferencia: “Gondomar, un galego universal”; e en 1981 outra sobre “O galeguismo de Gondomar”. En forma de libros, publicou: *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh* (1974); *A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca* (1984); *Gondomar y los católicos ingleses* (1987); e xa de maneira póstuma; *Dous embaixadores: Digby e Gondomar* (2005).

Como vemos, a figura de Gondomar, será un dos eixes nos seus derradeiros anos da vida intelectual de Tobío, traspasando como xa dixemos o ámbito de estudo propiamente dito, o que fixo que Tobío chegase a pensar<sup>11</sup>: “*quizais eu sexa, en realidade, Gondomar*”.

Que pena que Galicia non se puidese lucrar de forma adecuada de dúas figuras tan xeniais e emblemáticas que reunían as mellores calidades para chegar a seren uns verdadeiros guieiros intelectuais e políticos dos seus tempos. Magoa que nesa ocasión

o destino teña sido cruel con eles e os condenase ao inxusto ostracismo contra o que tanto loitaron e trataron de evitar, non para si mesmos, senón para a súa Galicia.

## GONDOMAR EN TERRAS INGLESAS

Naceu don Diego Sarmiento de Acuña, I conde de Gondomar, o 1 de novembro de 1567 na vila de Gondomar<sup>12</sup> (polo menos, así o crían o propio Tobío e todos os estudosos da figura do conde) sendo o primoxénito dunha familia fidalga galega, descendente entre outros de García Fernández de Villamaior, un dos aios que criaron a Alfonso X “O sabio”, tivo igualmente, coma antepasados ilustres<sup>13</sup> a don Pedro I de Portugal e don Henrique II de Castela, motivo polo que Gondomar entrou no servizo real. Por vía matrimonial, casou en primeiras nupcias con Beatriz de Mendoza e, á súa morte, coa filla de Lope de Acuña. Uns feitos que lle abriron novas relacións sociais, e propiciaron o seu ascenso na Corte dos Austrias, aínda que xa dende a súa adolescencia dera boa proba do seu valor ao servizo da monarquía, coa defensa das costas de Baiona dos ataques de Francis Drake. Como vemos, era Gondomar pois un home dunha excepcional valía, non só no terreo das armas, senón como reflicte maxistralmente Tobío, no eido político onde deu o mellor de si mesmo ao longo dos reinados de tres Filipes (Filipe II, III e IV) e dos seus respectivos validos (Lerma, Úceda e Olivares), persoeiros todos eles capaces de intimidar as vontades menos férreas cá do noso Conde. Co cal, aparte das consabidas encomendas e *mercedes* propias da época, chegou a ostentar o *corregimiento* de Toro e nada máis e nada menos que o de Valladolid cando esta foi capital da monarquía hispana, o que o levou paradoxicamente a verse apartado de cargos maiores e de lograr medrar na Corte e poder colmar as súas ansias de home de estado, que non eran satisfeitas polas tarefas de administrador que se lle encomendaban, todo isto porque cometeu o terrible pecado ante Lerma de amosar o seu talento como xestor, o que incomodou profundamente ao omnímodo privado de Filipe III, que, temeroso de verse eclipsado polas grandes capacidades que amosaba o fidalgo galego, decidiu desfacerse del, primeiro quitándolle o cargo de *corregidor* de Valladolid en beneficio dun fillo seu (de Lerma), e logo, despois dunha longa espera de oito anos sen postos de importancia, optando por enviar a Gondomar a desempeñar a embaixada en Londres. Cargo que Gondomar acepta farto de soportar como as súas ansias de ascenso se vían truncadas e era incapaz de alcanzar o soñado *corregimiento* de Madrid ou a presidencia do *Consejo* de Castela, o que fixo que alcanzase o posto de embaixador en Londres con corenta e oito anos ás costas, poucas ganas de permanecer no cargo e menos cartos aínda para desempeñalo. Pero non sabía o noso benquerido Gondomar que co tempo ese ingrato posto de embaixador se convertería na plataforma da súa gloria. O 19 de xullo de 1613 parte Gondomar cara a Inglaterra. Tobío especula que durante a viaxe un dos problemas que centrarán o pensamento do Conde será a forma de reforzar as debilitadas paces entre os dous países. Pacés que Gondomar sabía, ao igual que os propios ingleses, que só eran beneficiosas para estes últimos. Para Tobío, Gondomar era un home de paz e cría firmemente nela, sempre e cando esta fose froito dunhas condicións equitativas para as dúas partes. Gondomar vía que tanto con paces coma sen elas, os ingleses seguían a actuar da mesma maneira, e dicir, practicando o corso e, por riba, benefi-

ciándose legalmente do comercio hispano-inglés enchendo España de produtos feitos nas Illas. O goberno inglés actuaba así, e abusaba da súa posición porque estaba convencido de que España estaba disposta a ceder en todo con tal de manter as paces, como demostrara a actuación dos enviados españois en 1604<sup>14</sup> a Londres, cando ratificaron o tratado gastando para iso grandes sumas de cartos. Por iso, Gondomar sabía que o primeiro que debía facerse era quitarlles aos ingleses esa idea da cabeza. Demostrar que España non pasaría por calquera situación. Ese pensamento era chamado polo propio Gondomar: “*el tema de mi locura*”<sup>15</sup>.

A función encomendada ao noso Gondomar non era para nada, como vemos, *pecata minuta*, posto que basicamente consistía na titánica tarefa de conseguir manter as paces asinadas coa Inglaterra do Estuardo Xacobe I en 1604, unhas paces que o seu antecesor na embaixada, don Alonso de Velasco, augurou que non se manterían nin seis meses, porque a Inglaterra a que arriba o conde estaba en pleno auxe en contraposición ao declinante imperio dos Austrias españois. Malia todo iso, Gondomar propúxose sempre dar unha imaxe forte da monarquía española, e asumiu para iso uns riscos considerables como amosou nada máis chegar a terras inglesas. Con este firme propósito, vemos como chega Gondomar a Inglaterra, desembarca tras once días de travesía no porto de Portsmouth, recibindo á súa chegada todo tipo de cortesías e agasallos por parte das autoridades locais. As cousas parecían comezar con bo pé. Ata que o capitán inglés ao mando dun galeón da armada de Inglaterra que alí se atopaba fondeado, esixiulle a Gondomar que, en función do costume establecido, abatese os estandartes do seu barco aos do rei de Inglaterra, advertíndoo de que afundiría o barco de Gondomar e os que o acompañaron na viaxe se non era atendida a súa petición. Ante tal ameaza Gondomar pensou en embarcar de novo e facerse ao mar. Pero o tempo non era bo e o porto xa estaba fechado. Tras longas disputas coas autoridades locais, Gondomar escribe unha carta ao rei Xacobe que se atopaba cazando non moi lonxe da zona. Na súa misiva, Gondomar pidelle ao monarca que ordenase ao capitán inglés non cumprir as súas advertencias, ou no caso contrario, lle dese o rei licenza para marchar de novo a España. Vendo como os navíos ingleses correrían a mesma sorte que lle foi a el prometida cando se achasen en territorio da Coroa española<sup>16</sup>. Para o que alegou que quería que os navíos entrasen e saísen de Inglaterra como partiran de España, é dicir, sen pregar os seus estandartes<sup>17</sup>: “*y que los ministros y cosas del rey mi señor y yo seamos tratados en Inglaterra como lo son y serán los de V. M. en España*”. Os ingleses sostiñan que isto non era correcto, posto que o que indicaba a tradición era que debían abaterse as bandeiras ao atoparse co estandarte real inglés, e en terra inglesa. Como fixo incluso Filipe II cando foi a Inglaterra para concertar o seu casamento con María Tudor. Cousa que Gondomar non chegaría a facer. Comezaba pois Gondomar con pé firme en terras inglesas marcando o que sería a súa liña diplomática durante os seus oitos anos de estadía en Londres, a de manter as paces con Inglaterra conseguindo preservar intacto o prestixio da xa débil monarquía hispana<sup>18</sup>.

## A RAZÓN DE ESTADO: PRAXE DIPLOMÁTICA DE GONDOMAR

O honesto e sen embargo ambicioso labor diplomático levado a cabo por Gondomar en terras inglesas tentou, como xa vimos, poñerlle freo á caída en



picado do antano poderoso imperio español. Para iso desempeñou Gondomar unha tarefa ingrata, caracterizada moitas veces pola soidade, aínda que chea de independencia e de iniciativa, de astucia e de intelixencia, de paciencia e de constancia, de pragmatismo (cargado de bo criterio nas análises e nas resolucións tomadas, prudencia e sentido da oportunidade) e de firmeza, pero tamén compaxinada con doses de escepticismo realista (por exemplo, no caso da utilidade dos *pensionados*), de certa tolerancia e amplitude, e incluso posuidora de sorna nalgúns intres. Poñendo todas estas calidades sempre ao servizo e ás ordes do monarca e a razón de Estado (moitas veces identificada coa razón relixiosa) que este representaba, ata o límite das súas forzas.

Os logros acadados por Gondomar na súa xestión diplomática non son produto da sorte ou de certas artes maquiavélicas, que os seus detractores dicían que usaba para gañar a vontade de Xacobe. Todo o contrario, eran produto da súa constancia, do seu traballo metódico e incesante, carentes e arredados de calquera improvisación. Gondomar tomaba tan “a peito”<sup>19</sup> o desenvolvemento das tarefas que lle encomendaran que moitas veces, pasaba practicamente as noites en vela<sup>20</sup>: “*ha cuatro noches que no duermo dos horas porque amo a nuestro amo y a su servicio*”. Esta eficiencia e constancia metódica de Gondomar contrastaban grandemente coa desidia e lentitude da Corte madrileña. Xa era coñecido o dito en toda Europa, que non poucas veces se repetía con ironía tanto polos españois como polos estranxeiros, que rezaba: “*que la muerte me venga de España*”. Esa falta de celo, por non dicir abandono, da administración española, facíalle ver a Gondomar moitas veces que os seus esforzos non pagaban a pena, que estaba só. Co cal sentía moitas veces durante a súa estadía unha gran saudade<sup>21</sup>: “*La vejez y el desengaño hanme puesto ya en estado que sólo deseo morir como cristiano y como fidalgo gallego*”. E botaba de menos o seu Gondomar e a súa natureza agreste e a súa *Casa del Sol* e a súa insigne biblioteca. Ao mesmo tempo, sabía o embaixador, como xa vimos, que o seu rei lle encomendara esa dura función e que el non o podía defraudar, sendo consciente de que tiña que traballar ata o seu derradeiro alento, coma el mesmo dicía, tiña que seguir adiante se fose preciso: “*con las tripas en la mano*”<sup>22</sup>.

Observamos, pois, como a xestión diplomática de Gondomar estivo sempre baseada nunha liña íntegra, nun proceder leal e este obrou sempre coa verdade por diante, seguindo o seu lema de “*no hacer sinrazón ni sufrirla*”, para el actuar conforme á verdade era moi importante<sup>23</sup>: “*que no hay otra arte sino la verdad y decirla y defenderla animosamente*”. Esta actitude do noso Gondomar fixoo granxearse un gran respecto e consideración, non só de Xacobe I, senón tamén de moitos dos cortesáns deste. O que fixo que en certa ocasión o monarca manifestase que si tivese un vasalo coma Gondomar daríalle a metade dos seus reinos. Como di Tobío<sup>24</sup>:

*“Los dos “Jacques” llegaron a pactar un acuerdo de decirse las cosas “clara y confidientemente”. Y aunque esta claridad y confidencia no podían ser, desde luego, absolutas, alcanzaron grados poco comunes entre quienes representaban a dos países cuya situación internacional e intereses eran, en buena parte, contrapuestos aunque tuviese ciertos puntos de momentánea coincidencia”.*

Pode dicirse, segundo cre Tobío, que Gondomar nunca enganou nin mentiu<sup>25</sup> ao rei inglés. Aínda que o contrario é máis difícil de confirmar, Xacobe I levaba moitas veces un dobre xogo, para tratar de contentar ao Conde e aos seus opositores ao mesmo tempo, moitas veces aseguraba o soberano que a súa amizade con España era firme, isto levou a que o sector puritano, principal opositor á política do monarca inglés e ao mantemento das paces con España, xunto con moitos dos outros embaixadores estranxeiros, chegasen a alcumalo coma “Don Jacques” ou soamente “Don”, como farían finalmente os puritanos. Pero Gondomar non estaba tan seguro de que Xacobe I merecese ese título de “Don”, o que nos indica que este non era sempre sincero e correspondía á digna actuación do embaixador español.

Son situacións coma estas as que producen que a imaxe que ten a maior parte da historiografía inglesa<sup>26</sup> de Gondomar, sexa a dun home diabólico, un Maquiavelo que tiña absorbida a vontade real, presentando a Xacobe I coma un pusilánime en mans da forte personalidade do noso embaixador, que facía del o que quería, coma se xogase cun monicreque. Aínda que é esta unha situación totalmente ficticia, dado que o Estuardo non era para nada un parvo<sup>27</sup> senón un home de vasta cultura e formación, nin era unha persoa da que un se puidese fiar completamente, dado o seu carácter cambiante. A esta mala imaxe de Gondomar contribuíu a propaganda puritana e os libelos e crónicas que se publicaron durante eses anos. Vendo a luz incluso unha peza teatral de Thomas Middleton<sup>28</sup>, *A game at chess* (Unha partida de xadrez), onde se facía unha caricatura física e moral de Gondomar, adecuándoa á visión deformada e propagandística que se daba do embaixador.

A imaxe de Xacobe I coma un boneco en mans do maquiavélico Gondomar é unha falacia histórica, como mantén Tobío<sup>29</sup>:

*“La imagen que de él nos da Gondomar a través de su correspondencia oficial, naturalmente reservada y sincera, y de las cartas a los amigos, está muy lejos de esa caricatura. Se advierte que le consideraba inteligente, culto, calculador y reflexivo bajo una capa de aparente ligereza, a veces enérgico y no muy seguro ni veraz. Hombre, pues, de cuidado. No tendría mayor mérito -el que tan justamente se atribuye a Gondomar- si su tarea hubiese consistido en embobar a un necio o imponerse a un búllico. La verdad es que nuestro diplomático no cayó en el error de subvalorarlo y lo estudió cuidadosa y detenidamente en los años que duró su embajada, a lo largo de los cuales fue matizando cada vez más sus juicios. La relación entre ambos presentaba, ciertamente, muchas facetas. En lo personal hubo, desde el comienzo, una evidente simpatía, una sustancial afinidad de gustos y aun de temperamento. Ambos, tenían inclinaciones humanísticas, especialmente en materia de historia, gustaban del campo y de la caza, eran propensos a la risa y el humor. Pero en lo que tocaba a los oficios que recíprocamente cumplían, al juego en que estaban empeñados, cada cual sabía que no debía desdeñar a su rival y que tenía que observarlo y vigilarlo con estrecha atención. Era aquél un serio duelo diplomático entre hábiles contrincantes que estaban a la par”.*

Para corroborar a falsidade desta presentación maquiavélica de Gondomar e do aparente influxo que este exercía sobre Xacobe I, podemos ver como o galego non confiaba que o rei inglés fose sempre verdadeiro nas súas palabras, como se ve, por exemplo, no caso da cuestión do Palatinado. Xacobe I prometéralle a Gondomar non axudar ao seu xenro e a súa filla, ao que Gondomar<sup>30</sup> sentencia: *“que son coplas y menos bien trovadas que las que hace don Luis de Góngora”*. Ou, por exemplo, cando remata a súa función tras a súa primeira embaixada e di respecto ao seu achegamento ao monarca inglés que procedera con tanta: *“desconfianza y recato en lo que me decía, que no me podía engañar”*. Malia iso, seguía sen fiarse completamente e xa non sabe que crer, porque, por unha banda, pensaba que a súa comunicación co soberano era a mesma que puidera ter cun *Consejero* de Estado do rei español, e por outra, ás veces pensaba que esa actitude cara a el por parte de Xacobe I podía responder a unha estrataxema e resultar el o enganado. Pensando que<sup>31</sup>: *“ahora... este rey me engaña porque pienso que no me engaña”*.

Xa vimos que, como nos conta Tobío, Gondomar non mentía, aínda que si nos dí que usaba como armas para levar a bo porto o seu labor o recato, o encubrimento o disimulo e o misterio<sup>32</sup>:

*“Siempre decía la verdad, pero lo hacía “con el tiento y prudencia que conviene”, mostrando “misterio y encubrimiento sin quererle decir más”. [...] Era la manera de tenerlo sujeto[a Xacobe], ya que podía alejarse atraído por los cantos de sirena de los enemigos de España. Había que dejar siempre en la sombra; “como le conozco, sé que es necesario este recuerdo y ponerle este cuidado”.*

Esta forma de actuar de Gondomar daba a entender que, deixando ás veces as cousas a medias, o Conde agochaba máis do que sabía por unha banda, e por outra, seguía ordes de Madrid, e a posición da Coroa española non era tan feble como se pensaba en Inglaterra. Cando era todo o contrario, e como xa dixemos, el actuaba practicamente só. Pero non era todo encubrimento e misterio por parte de Gondomar, moitas veces, cando a ocasión o requiría, era capaz de falar cara a cara, sen ambaxes, dos asuntos máis espiñados, usando un estilo directo, non moi diplomático, aínda que bastante efectivo. O que provocou que durante a segunda embaixada de Gondomar, algúns cortesáns ingleses e incluso o favorito do rei, Buckingham lle dixese<sup>33</sup>: *“[...] que le tuviese lástima y fuese a darle ánimos y dejase la espuela con que tantas veces le hería y le diese en aquel trance un puñado de hierba”*.

Aínda que ás veces se poida transmitir unha imaxe de dureza nas súas actuacións, todo o labor diplomático de Gondomar, como nos volve dicir Tobío<sup>34</sup>, durante as dúas embaixadas, e tamén antes, nos seus anos na Corte española, foi un exercicio de paciencia. Paciencia para soportar ser “ninguneado” polo valido Lerma. Paciencia para soportar as tardanzas no envío de fondos dende España, cando estaba xa en Londres, e paciencia para soportar as censuras a algunhas actuacións súas na embaixada por parte do timorato goberno de Madrid.

Ao mesmo tempo, tamén foi paciente á hora de aguantar todos os malos avatares que lle trouxo a vida na súa esfera máis persoal. Gondomar tivo que ver como todos os seus fillos, agás un, morrían antes ca el. Aguantou estoicamente a dor que lle provocou durante varios anos unha fístula que lle impedía sentarse e camiñar ás veces, o que facía que fose transportado en cadeira de mans, unha cadeira de mans que se fixo moi famosa en Londres e que será obxecto de burla por parte dos detractores do embaixador. Pese a todo isto, sempre cumpriu dunha maneira exemplar coas súas funcións, e proclamaba que nunca había que darse por desafiuzado aínda que os camiños fosen moi pechados, tomando riscos increíbles cunha gran coraxe e astucia que contribuíron a manter a imaxe de España, unha España que vía impotente como se derrubaba todo o seu antano grande imperio, e non podía, e non sabía, facer nada fronte ás novas potencias europeas. Malia iso, Gondomar seguiu teimando en cumprir, en levar ata un bo fin, o chamado “*tema de su locura*”:

*“Que sepa y vea el rey de Inglaterra que el rey N.S. no le ha menester ni su amistad y que es a él a quien le conviene más tenerla con España”.  
Pues si el rey Jacobo viese que se le toleraba todo, no lo dejaría de hacer;  
y ¿con qué instrumento y autoridad se lo he de estorbar yo ni ser buen embajador”.*

Pese a que non era vaidoso e arrogante na súa vida diaria, Gondomar sabía facerse respectar, porque el respectaba o seu traballo, gañando o respecto nunha terra en teoría estraña para el e de herexes, polo que en certa ocasión lle dixo ao seu benquerido homólogo inglés Digby que: “*Tenía en aquella corte “más amigos y más autoridad... que en España”.*

Gondomar obraba moitas veces de forma pragmática no seu quefacer diplomático<sup>36</sup>, analizando sempre as circunstancias e actuando de forma apropiada a elas<sup>37</sup>: “*la distinción y conocimiento de los tiempos para elegir y obrar conforme a ellos es lo de que la prudencia y el valor deben usar, más que de los ejemplos*”. Como di Tobío, vense nesa forma de obrar os ecos de Maquiavelo. Sen embargo, onde máis se ven esas resonancias maquiavélicas é cando un realista Gondomar afirma<sup>38</sup>: “*Ni buenas obras ni cortesías conservan la paz ni harán efecto y sólo le harán el respeto del miedo... con actos notorios*”. Sabía que só sendo enérxico se conservaría a paz con Inglaterra, e os demais Estados pensarían moito que facer ante a esta mostra de forza e vigor por parte de España:

*“si el miedo no les embaraza, ¿cómo les ha de embarazar el amor ni la conciencia ni justicia que no tienen? [...] “Como en estas partes es poco corriente la confesión y las buenas obras, tengo por más convincente que tengan a nuestro amo por poderoso y valeroso que por justificado, porque no estiman esto sin lo otro”.*

Vimos con anterioridade como a misión fundamental do noso embaixador era o mantemento das paces con Inglaterra, polo que Gondomar podería ser, segundo nos segue a comentar Tobío, un pacifista, aínda que con matices, non

no senso que se entende o termo hoxe en día. O Conde prefería sempre o camiño da paz, mentres non sufrisen os intereses e a dignidade do seu país. Pero non era un pacifista a ultranza e cría que unha vez esgotados todos os camiños, nalgúns casos era preciso recorrer á guerra<sup>39</sup>. Aínda que, remarca Tobío, para Gondomar España debía seguir a liña política que rezaba: “*guerra con toda la tierra y paz con Inglaterra*”. Que Filipe II romperá, crendo que o verdadeiro inimigo da Coroa española eran os franceses, por moitos arranxos matrimoniais que con eles se fixese. O noso embaixador pensaba que unha alianza cos ingleses actuaba de contrapeso do poder francés, axudaba a sosegar a situación nas Provincias Rebeldes, garantía as comunicacións, e aseguraba o imperio ultramarino hispano ameazada pola piratería inglesa. Eses como vemos, serían os pros, aínda que pola contra<sup>40</sup>, os ingleses fixéronse con todo o comercio marítimo e coa pesca<sup>41</sup> da balea, do arenque e do bacallau xunto cos holandeses en detrimento dos españois. Aumentaron o seu réxime de exportacións cara a España saíndo moi beneficiados diso<sup>42</sup>; por outra banda podían actuar impunemente contra os católicos de Inglaterra, porque España non os podían axudar militarmente coma antes.

Ben sabía Gondomar que o monarca Xacobe I o do lema *Beati Pacifi* e autor de obras como *The Peace-Maker*, estaba disposto a tolerar moitas cousas, senón todas, con tal de que a paz non se quebrase. Pese a que ás veces, o Estuardo díciálle ao Conde que lle custaba manter a raia aos partidarios da ruptura con España e favorables á guerra. Ao que Gondomar lle respondía que en España tamén había xente que quería que dita ruptura se producise.

Ollamos como o embaixador desexaba que España saíse máis fortalecida das paces, aumentando o seu poderío militar e financeiro, pero se finalmente estalaban de novo as hostilidades, Gondomar propugnaba que a Coroa española estivese presta a tomar a iniciativa e non se vise como ao final se veu, embarcada na Guerra dos Trinta Anos, o que fixo que dixese durante a súa segunda embaixada, cando as relacións pasan polo seu peor momento, que era mellor xa tomar a iniciativa e atacar aos ingleses, antes de ser atacados por eles, cousa que finalmente sucedería cando os barcos ingleses atacaron Cádiz por sorpresa en 1625.

Por último, como colofón desta breve análise tobiana da actuación diplomática de Gondomar, debemos concluír coas propias verbas do mestre Tobío<sup>43</sup> sobre a actuación do Conde:

*“[...] Tivo que escomenzar xa en España a facer o seu xogo diplomático. Soubo nadar e manterse na tona a traveso de tres privanzas, falagando a todos, incondicional de ningún. de [sic.] ningún nemigo declarado. Debéu aturar ás vegadas desconsideracións e desvíos, mais non foi levado pola cachoeira que barréu ca xente de Lerma primeiro e de Úceda despois. A trapela que co nomeamento de embaixador en Inglaterra probablemente lle puxeron pra que se esnafrara, trocouna en peana da súa sona. Foi o máis xenial de todos os diplomáticos españois, e aínda estranxeiros, do seu tempo, a figura máis brillante da diplomacia española. Endexemáis pasou pola corte inglesa un embaixador que tanto infruxo acadara*

*coma Gondomar. E o curioso do caso é que este fidalgo de aldeia, “fidalgo gallego”, coma [sic.] el a sí mesmo se chamaba, entróu tarde e sin esprenca na carreira, non amostróu maior intrés por ir a ela, quería deixala xa a pouco de ocupar o seu posto e non estivo moito tempo en funcións, nada máis que sete anos entre as dúas primeiras embaixadas e unha miga no apenas encetado da terceira”.*

## UNHA COMPARACIÓN INEVITABLE

Despois de ter presentado este traballo, realizado a través dos ollos, e do diálogo imaxinario e intersubxectivo establecido entre o noso cicerone Tobío e o seu amado Gondomar, ámbolos dous arquetipos de humanistas, de intelectuais, de homes de teoría e praxe política, dotados dun espírito universal, heterodoxo, interdisciplinar e aberto, capaz de coller o mellor doutras visións e xunguilas coa nosa propia, resulta practicamente imposible como remate, non realizar unha comparanza destes dous personaxes tan importantes, como descoñecidos para a historia do noso país galego, Tobío e Gondomar, espello e trasunto o un do outro, e imaxe onde a moitos humanistas, incluído quen lles está a falar, lles gustaría verse plasmados. Posto que por riba de todas as calidades citadas ao longo da “nosa exposición” (recordar que é a ollada de Tobío a reflectida), destacan por ser “simple e sinxelamente”, GALEGOS. Vexamos pois as similitudes existentes entre estes bos e verdadeiros fillos de Breogán.

No tocante á súa faceta máis privada, ambos tiñan orixes galegas e costeiras que marcaron totalmente as súas infancias, infancias que recordarán sempre con cariño, (aínda que cabe matizar, que segundo achados recentes, comprobouse realmente que Gondomar nacera en Astorga), e estaban moi orgullosos desa orixe e desa caste. Viviron a cabalo de dous séculos, dos máis duros e decadentes da Historia de España e de Galicia. Compartían similitudes físicas, eran baixos, de escaso pelo e prominente nariz. As súas mulleres influíron de forma decisiva na súa vida, aconsellándoos constantemente, sendo unhas leais compañeiras. Tamén Tobío e Gondomar compartían case as mesma afeccións humanísticas, gustando moito da lectura, da historia, da xenealoxía, eran poetas afeccionados, grandes conversadores e contadores de anécdotas, dotados dun gran sentido do humor, incluso nos momentos máis duros; participaron en faladoiros literarios, interactuaron con moita xente influínte da súa época, dende o eido da política ata escritores e pensadores de renome, gozaban dunha gran capacidade memorística, eran grandes amantes da natureza e da terra galega, da cal coñecían perfectamente a súa historia (Tobío participou como editor na elaboración da *Historia de Galicia*, Gondomar amósanos na súa carta en defensa dos galegos enviada ao secretario real e paisano seu Andrés de Prada, o perfecto coñecemento das máis profundas orixes de Galicia, e como non desprezaba, ao contrario que a maior parte da nobreza galega da época, o uso do galego, chegando Gondomar a ser Capitán Xeneral do reino de Galicia nos seus derradeiros anos e a participar de forma decisiva na recuperación do voto de Galicia nas Cortes). Ambos os dous eran políglotas, gozaron de formación militar e participaron activamente en

conflitos, Gondomar na defensa das costas galegas fronte aos ataques de Drake e Tobío combateu en primeira liña de fronte na Guerra Civil Española. Os seus pasamentos producíronse dunha forma calada, non sendo conscientes as sociedades do seu tempo da grande e irrecuperable perda que acababan de sufrir.

En canto á súa parcela máis profesional, foron os dous diplomáticos, chegando a esta profesión practicamente por casualidade e sen quere-lo, sufrindo en numerosas ocasións os avatares e sen sabores do destino, que os fixo ir durante moito tempo dun lado cara a outro, case sen rumbo e mantívoos arredados tanto tempo da súa benquerida Galicia. Serviron, seguramente, máis que para cuestións políticas, para ser homes de estado, máis que funcionarios, aínda que desempeñaron os seus cometidos sendo sempre fieis ás súas ideas, desenvolvendo sempre o seu labor á sombra doutros, sendo recoñecidos sero-diamente e máis polo feito fóra do seu país, aínda que as súas accións fosen encamiñadas principalmente a procurar o benestar deste. Foron grandes coñecedores e cronistas da realidade europea, española e galega do seu tempo e trataron de influír nela para ben, tentando ser escoitados para que se frease a caída, se mantivese o bo, e se eliminase o prexudicial para o sistema de goberno e as sociedades do seu tempo (Tobío participou na elaboración do Anteproxecto do Estatuto para Galicia en 1931 de forma moi activa e Gondomar na súa carta de xoves santo de 1619, atreveuse a dicirlle a Filipe III todos os males que sufría a España do seu momento, e como estes debían ser solucionados). Eran infatigables, puntillosos e celosos ata o extremo no exercicio do seu labor e dotados dunha gran capacidade organizativa, mediadores e conciliadores de vontades grazas ao seu espírito aberto que lles permitiu aprender, valorar e enriquecerse con outros puntos de vista. Foron embaixadores no mundo da cultura galega coa súa forma de ser e actuar, que mesturaba a paciencia e a prudencia xunto con grandes doses de risco no seu proceder, o que os facía sobrepoñerlse ás moitas dificultades coas que tiveron que lidar.

Para finalizar, subliñar que tanto Tobío como Gondomar destacaron especialmente polo seu compromiso, pola súa fidelidade a unhas ideas, por ser uns traballadores incansables ata o final dos seus días, por participar activamente nos acontecementos máis relevantes das súas épocas, e desgraciadamente, por non ser recoñecidos os seus froitos. Esperemos que esta pequena contribución que aquí esbozamos axude na maneira do posible a que non caian nunca máis no esquecemento e sexan coñecidas por todos persoas de tal valía persoal e intelectual.

## BIBLIOGRAFÍA

### FONTES PRIMARIAS: TEXTOS DE LOIS TOBÍO SOBRE O CONDE DE GONDOMAR

- “Gondomar, bon galego”. *Galicia emigrante*. Año 2, n. 12 (jun.-jul. 1955) ; p. 18, 25.  
“O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres”. *Grial*. N. 24 (1969) ; p. 133-162.

- “O erasmismo de Gondomar”. *Grial*. N. 28 (1970) ; p. 129-159.
- “Gondomar e o galego”. *Grial*. N. 40 (1973) ; p. 133-144.
- Gondomar y su triunfo sobre Raleigh*. Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, 1974.
- “Outras dúas cartas en galego a Gondomar”. *Grial*. T. 15, n. 57 (xul.-set. 1977) ; p. 366-367.
- “A amizade de Bacon e Gondomar”. *Grial*. N. 68 (1980) ; p. 210-215.
- “Galego familiar escrito a comenzos do século XVII”. *Grial*. N. 69 (xul.-set. 1980) ; p. 357-358.
- A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca*. Sada, Edicións do Castro, 1984.
- Gondomar y los católicos ingleses*. Sada: Edicións do Castro, 1987.
- As Décadas de T.L.* Sada, Edicións do Castro, 1994.
- Dous embaixadores: Dibgy e Gondomar*. Vigo, IEM (Instituto de Estudos Miñoranos), 2005.

## FONTES SECUNDARIAS

- ALBA, Duque...[et al.]: *Documentos inéditos para la historia de España*, Vols. I e II. Madrid, Tipografía de Archivos, 1936-1957.
- BARTOLOMÉ BENITO, Fernando: *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar: el Maquiavelo español*. Gijón, Trea, 2005.
- BOUZA-BREY, Fermín: “Un embaixador galego na corte inglesa: Don Diego Sarmiento de Acuña”. *Grial*. N. 12, 1966; p.233-235.
- CARTER, Charles: “Gondomar: Ambassador to James I”. *The Historical Journal*, Vol. 7, No. 2, 1964; p.189-208.
- CASTRO DEL RÍO, Plácido: “Un galego na corte dos estuados”. *Galicia desde Londres: Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC, 1947-1956*. A Coruña, Dirección Xeral de Política Lingüística, 1994; p. 521-525.
- CASTROVIEJO, José María y FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, Francisco de Paula: *El conde de Gondomar, un azor entre ocasos*. Madrid, Prensa Española, 1967.
- EGIDO, Teófanos: *Testamento del conde de Gondomar, don Diego Sarmiento de Acuña*. Valladolid, Junta de Castilla y León, Consejería de Cultura y Bienestar Social, 1991.
- FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA Y PARRELLA, Francisco de Paula: “El conde de Gondomar y las reliquias de unos mártires ingleses”. *Museo de Pontevedra*, T. 6, 1951; p.43-53.
- FRAGA IRIBARNE, Manuel: *Don Diego Saavedra y Fajardo y la diplomacia de su época*. Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 1998.
- “El parlamento inglés visto por el conde de Gondomar a principios del siglo XVII”. *Escorial: Revista de Cultura y Letras*, (XX), 1949; p. 901-928.
- GARCÍA ORO, José: *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar y embajador de España (1567-1626). Estudio biográfico*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1997.
- HUME, Martin: “Un gran diplomático español. El conde de Gondomar en Inglaterra”. *Españoles e ingleses en el siglo XVI*. Madrid, 1903.
- LOMBAO, Manuel...[et al.]: *Homenaxes a Lois Tobío: Madrid, 13 de xuño de 2001*. Sada, Edicións do Castro, 2001.
- LOOMIE, Albert: “Bacon and Gondomar: An Unknown Link in 1618”. *Renaissance Quarterly*, Vol. 21, No. 1. (Spring, 1968); p. 1-10.
- *Spain and the Jacobean Catholics*, Vol. II. Norfolk, Catholic Record Society, 1978.
- MANSO PORTO, Carmen: *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar (1567-1626): Erudito, mecenas y bibliófilo*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. 1996.



- MICHAEL, Ian: "O primeiro Conde de Gondomar (1567-1626): home e imaxe", *V Xornadas Mar por medio: unha visión de Galicia desde o Reino Unido: do 30 de xullo ao 1 de agosto de 1997*. Lugo, Servicio de Publicaciones, Diputación Provincial de Lugo, 2000.
- MIDDLETON, Thomas: *Una partida de ajedrez*, traducción de Ángel Luis Pujalte. Universidad de Murcia, Cátedra de Teatro, 1983.
- PASCUAL ABAL, Rosa: *D. Lois Tobío: unha aproximación biográfica*. Val Miñor, Caderno do Instituto de Estudos Miñoranos, 2001.
- PÉREZ BUSTAMANTE, Ciriaco: *El conde de Gondomar y su intervención en el proceso, prisión y muerte de Sir Walter Raleigh*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1928.
- "El conde de Gondomar y su proyecto de invasión de Inglaterra", *Escorial: Revista de Cultura y Letras*. T. 2 (enero 1941); p. 17-29.
- RÍOS, Xulio: *O diplomático que quixo e soubo exercer de galego no mundo*. Vigo, Ir Indo, 2004.
- SÁNCHEZ CANTÓN, Francisco Javier: *Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar: 1567-1626*. Madrid, Discursos leídos ante la Real Academia de la Historia 1935.
- SANZ CAMAÑES, Porfirio: "Burocracia, corte y diplomacia: el Conde de Gondomar, Embajador de España", *Letrados, juristas y burócratas en la España Moderna*. Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2005.
- *Diplomacia hispano-inglesa en el siglo XVII: razón de estado y relaciones de poder durante la Guerra de los Treinta Años (1618-1648)*. Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2002.
- TOBÍO SOLER, Constanza: "La pluralidad intelectual de Lois Tobío". *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2006.
- VILLA-URRUTIA, Wenceslao Ramírez: *La embajada del Conde de Gondomar a Inglaterra en 1613*. Madrid, Discursos leídos ante la Real Academia de la Historia, 1913.

## NOTAS

- 1 Podería verse para este fin, a fermosa Carta en Defensa dos Galegos escrita por Gondomar a outro paisano seu, o secretario de estado Andrés de Prada o 27 de xaneiro de 1614. Soamente esta epístola xustificaría a entrada de Gondomar na Historia de Galicia con letras de ouro.
- 2 Non incluímos nesta xerarquía de textos a obra *Catro ensaios sobre o conde de Gondomar*. Patronato R. Otero Pedrayo, 1991. Pois só é unha recompilación de: "O nomeamento de Gondomar coma embaixador en Londres", "O erasmismo de Gondomar", "A amizade de Bacon e Gondomar" e de "Gondomar e o galego". Polo que non achega nada novo ao estudo da figura do conde de Gondomar. Por outra banda, tampouco excluímos como é evidente, a mención doutro tipo de obras, que poidamos catalogar de literatura secundaria por así dicilo. Sempre recalcando que o noso punto de vista principal é o que nos achega a ollada de Tobío plasmada nas súas obras.
- 3 Isaac Díaz Pardo: En declaracións a *O Correo Galego* o 13 de marzo de 2003. O día seguinte do pasamento de Tobío.
- 4 Para ter unha visión de primeira man sobre a vida de Lois Tobío e os seus avatares, pode botarse unha ollada á súa autobiografía intitulada: *As Décadas de T.L.*, 1994.
- 5 Lois Tobío: "Na historia do rexurdir da literatura galega". *Nós*. Ano 50, n. 145 (30 outubro 1970) ; pp. 53-54. Di o seguinte sobre o noso idioma: "Eran moitos os que coidaban que a nosa lingua somente servía pra facer versiños ou contos costumbristas. Que nela pudiesen escribirse ensayos de filosofía, arte ou sociología era cousa que non lles entraba no miolo e máis ben tiñano por tolería".
- 6 Xan Carballa: "Un home de corazón". En: *Homenaxes a Lois Tobío*, 2001, p. 30.
- 7 Xulio Ríos: "O galeguismo universalista de Lois Tobío", *Homenaxes a Lois Tobío*, p. 69.
- 8 Rosa Pascual Abal: *D. Lois Tobío: unha aproximación biográfica*, 2001, pp. 42-45. Fai baixo o título "Dous homes un retrato", unha breve análise dos puntos en común que tiñan ambas personaxes.
- 9 Laudelino Pellitero: "O universalismo dun bo galego", *Homenaxes a Lois Tobío*, pp. 65-66.

- 10 Lois Tobío: *Décadas*, p. 682.
- 11 Landelino Pellitero: "Lois Tobío e/en Gondomar", *R.E.M.*, 2002, p. 135.
- 12 En relación ao lugar do seu nacemento, nos últimos anos, achouse por parte de Fernández de Córdoba Calleja un memorial escrito da man do propio Conde, datado do ano 1592, que sitúa o seu nacemento non na vila de Gondomar, senón en Astorga. Véxase a este motivo a obra de Fernando Bartolomé Benito: *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar: El Maquiavelo español*, 2005, pp. 48-49. Tamén Ian Michael no seu artigo: "O primeiro Conde de Gondomar (1567-1626): home e imaxe", *V Jornadas Mar por medio: unha visión de Galicia desde o Reino Unido: do 30 de xullo ao 1 de agosto de 1997*, 2000, p. 82. Fala dunha carta inédita dirixida por un tal don Juan de Rojas Corbalán datada en 1624 e dirixida ao conde de Gondomar onde lle recorda o día do seu bautizo na catedral de Astorga.
- 13 Lois Tobío: *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh*, 1974, p. 150. A partir de aquí empezaremos a referirnos a esta obra como *G. y R.*
- 14 *G. y R.* p. 246. Gondomar censura os enviados españois con estas verbas: "*Ha ayudado no poco a esto las diligencias que aquí se hicieron al principio para la paz y el haber venido el conde de Villamedina y el Condestable y lo mucho que dieron y repartieron aquí entrambos públicamente*". Dando a entender que lle ía moito no asunto ao goberno español.
- 15 *G. y R.* p. 247.
- 16 *G. y R.* p. 248. Gondomar utiliza estas verbas: "*que lo que V. M. y sus ministros hicieron aquí con estos navios se hará con los de V. M. en los puertos de los reinos y estados que el rey mi señor tiene en el mundo*".
- 17 *G. y R. Ibid.*
- 18 *G. y R.* p. 253. Entraba pois Gondomar en Inglaterra cunha inmemorable carta de presentación na dura tarefa que lle tocaba lidar, posto que non debemos esquecer que era o único embaixador español en terras herexes. Iniciando en verbas de Tobío: "*una de las mas brillantes gestiones de la diplomacia occidental*". Gondomar amosaba así que non dubidaría en arriscar as paces por "cousas de pouca monta" como foi o incidente das bandeiras. Pese a que a súa entrada en territorio inglés puidese parecer demasiado brusca, Gondomar soubo gañarse prontamente o beneplácido da Corte inglesa, dado o seu carácter aberto e conversador, como bo galego que era, o que o levou a granxearse o alcume do vello Esopo Gondomar, trabando rapidamente unha boa amizade co rei Xacobe I, co cal mantiña unha grande afinidade de gustos e costumes. Esta boa relación entre os dous próceres deu lugar a todo tipo de comentarios na Inglaterra da época, dada a enorme influencia e repercusión que chegaría a ter Gondomar sobre a persoa de Xacobe I, o cal comentou nada máis e nada menos que se tivese un súbdito como o Conde daríalle a metade dos seus reinos. Provocando este tipo de comentarios e accións todo tipo de ruxe, ruxes entre os cortesáns ingleses que crían que Gondomar enfeitizara ao Estuardo, ata o punto de que se chamaba en Londres ao noso Conde "o Maquiavelo español", dada a influencia que chegou a exercer sobre Xacobe I e que podemos resumir brevemente en: as accións diplomáticas de Gondomar mantiveron as paces con Inglaterra ata a morte de Xacobe I en 1625, pese a que se profetizou que estas non durarían nin seis meses. Todo isto malia a que se enfrontou Gondomar a temas tan espiñosos como a cuestión do Palatinado, que sería o detonante da chamada Guerra dos Trinta Anos, que Gondomar sempre tratou de evitar. Ou a do intento de unión entre o príncipe de Gales e a infanta María, filla de Filipe III, que os franceses sempre quixeron boicotear, e que non se levaría a cabo polo oposición dos validos español e inglés Olivares e Buckingham respectivamente. Pese a estes imponderables, Gondomar logrou éxitos tan notables como o aforcamento de Walter Raleigh, colonizador de Virxina e último vestixio da dourada época isabelina, que quería ameazar o poderío hispano en terras americanas creando un imperio colonial a imaxe e semellanza do español. Conseguiu que Xacobe respectase os enclaves de Juliers e Cleves, e o da Valtelina, vitais para os Austrias. Tentou por todos os medios cumprir o pactado nas paces e que se lles devolvesen con prontitude as mercadorías confiscadas aos comerciantes ingleses por motivos relixiosos, é dicir, por ser protestantes, porque se isto non se facía con rapidez, motivaba que os ingleses concedesen licencias de corso, como vinganza pola tardanza da xustiza española. Resolveu con éxito tamén a cuestión das precedencias na Corte inglesa en relación ao embaixador francés, cuestión de gran relevancia, dado que Francia era a outra gran potencia católica e esta si estaba en crecemento en contraposición a España. E logrou que a situación dos católicos ingleses mellorase parcialmente e cesasen momentaneamente as persecucións contra eles, obtendo como *mercedes* reais ao abandonar a súa primeira embaixada, nada máis e nada menos que a liberación do padre Baldwin, acusado de ser o organizador do complot da pólvora e considerado pola igrexa anglicana como o maior criminal,

- tamén que se lle fixese entrega a Gondomar de toda a artillería roubada por Drake anos antes no seu saqueo en Cádiz. Por último, Gondomar pídelle ao monarca inglés poder levar os sacerdotes católicos encarcerados. Xacobe que só lle concedera a Alonso de Velasco, antecesor de Gondomar, o privilexio de excarcerar unha ducia, accederá ante a petición do Conde de liberalos a todos.
- 19 Albert J. Loomie: *Spain and the Jacobean Catholics. Vol. II: 1613-1624*, 1978, p. XV. Vemos aquí, unha proba do celo que puxo Gondomar nos seus cometidos: "There were few diplomats of his generation who were prepared to write to a friend, as he did in 1615: "I have gained familiarity with the Englishmen... I have devoted myself with interest to their histories and annals for many years, I have tried with a special effort since the start of my residency here to observe and understand their activities..."
- 20 G. y R. p. 275. Contrasta esta eficiencia de Gondomar, cun exemplo escandaloso da falta de rigorosidade da administración de Filipe III e o seu valido Lerma, podemos velo no momento en que Gondomar coñece a Xacobe I e lle presente as súas credenciais. Nesa primeira entrevista, o rei bota unha risotada ao ver que estas foran asinadas case un ano antes.
- 21 G. y R. p. 275. Estas verbas eran pronunciadas apenas un ano e medio despois da súa chegada a Inglaterra. Asimesmo, no pequeno ensaio de Tobío: "O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres", *Grial*, 1969, p. 140. Fala Tobío da dobre personalidade de Gondomar, e as súas constantes peticións de licencias para dicir que: "Acarón do home activo, do grande administrador, do diplomático xenial que enxergaba con crara e estesa ollada i ejecutaba con miuda habelencia, estaba o intelectual refrensivo e fondo, o sabio que debía por se arredar do balbordo do mundo pra vivir ca natureza e os libros, seus dous grandes amores". Tamén podemos ver en José María Castroviejo y Francisco Fernández de Córdoba, 1967, p. 120. As súplicas de Gondomar para abandonar o seu cargo, dado o seu estado de ánimo depresivo e a súa mala saúde. Vemos isto en dúas cartas, a primeira, dirixida a Ciriza onde manifesta Gondomar: «Señor mio, no me deje V. merced morir a este servidor en tierras extrañas... por sola su piedad, se dolería mucho de ver quan acabado estoy». Na segunda epístola dirixida a Felipe III, o cal soamente lle daba licenza para pasar a Flandes a curarse, dille: «si mi vida llegara allá según esta acabada mi salud, se puede dudar mucho dello y de lo que cada día voy perdiendo y empeorando, y a los médicos y cirujanos les parece que mientras no mudare y mejorare de aguas y ayres no podré tener alivio, y que esto no puede ser en Flandes ni en otra parte, sino en mi naturaleza en España, y assi supplico a V. Magd. muy humildemente se sirva de mandarme nombrar luego sucesor, ordenándole que esté aquí para el mes de abril».
- 22 Villa-Urrutia: *La embajada del Conde de Gondomar a Inglaterra en 1613*, 1913, p. 15. Relata aquí o autor como o alarmante empeoramento da saúde de Gondomar en xaneiro de 1617 fixo correr o rumor da súa morte. Incluso a noticia propagouse a España, chegando un cortesán a preguntarlle a Filipe III se Gondomar finara. O que como nos di Villa-Urrutia respondeulle con: [...] *su acostumbrada frialdad y compostura*: «Muerto no; enfermo sí».
- 23 G. y R. p. 276.
- 24 G. y R. p. 277.
- 25 Charles H. Carter: "Gondomar: Ambassador to James I", *The Historical Journal*, 1964, pp. 205-206. Corrobora esta afirmación de Tobío: "The truth is that Gondomar was as completely honest with James as security and other obvious considerations would allow [...] he recognized early that James was no fool and that this was the most effective way of dealing with him. It was commonly understood that James "ama gli uomini di virtù" and Gondomar, far from following the policy of deceit his enemies accused him of, made almost a fetish of dealing with James at every opportunity with "la llaneza de Castilla la Vieja" [...] This adds up to a very large number of occasions on which they discussed important matters involving the two crowns. In both formal negotiations and informal discussions of these things, mutual reassurances of good faith and serious intent became a regular part of their talks. Xa vimos como boa proba disto, era por exemplo, as verbas que Xacobe dixo a Gondomar asegurándolle que lle daría a metade do seu reino si tivese un vasalo coma el. O monarca era consciente de que Gondomar servía ao seu rei por riba de todo, por moita amizade que tivesen, e seguramente, respectáboo por iso e envexaba non ter servos coma el. É sabido os problemas que tiña o Estuardo con moitos dos cortesáns do bando puritano que vetaban moitas das súas peticións de cartos no Parlamento.
- 26 Martín Hume: "Un gran diplomático español: El conde de Gondomar en Inglaterra", *Españoles e ingleses en el siglo XVI*, 1903, pp. 280, 281, 282 e 282. Fai xuízos de valor sobre a actitude de Xacobe e de Gondomar, a relación entre ambos, que para el non era igualitaria e menciona algúns dos logros do noso embaixador: "[En canto a Xacobe

- I] el ser más vil y despreciable que jamás ha manchado una corona [...] [Engadindo] el nuevo rey extranjero buscaba ocasiones para humillar y congraciarse con las naciones extranjeras por medio de complacencias bochornosas, bastantes para hacer estremecer en su tumba el cadáver de Isabel [...] Como todos los necios y cobardes, Jacobo, amén de ser tonto de capirote, era vanidoso y porfiado; y para manejarle se necesitaba una persona de dones especiales, de firmeza de carácter, de gran penetración y de mucha facilidad y destreza [...]” [Sobre o elixido para o cargo, o conde de Gondomar, di] Como buen gallego que era, encubría la agudeza de su inteligencia bajo maneras casi rústicas, y su sabiduría se disfrazaba á menudo con formas amenas y jocosas. Este fué el diplomático español que, desde el primer día que hablara con Jacobo, se captó su facilidad que un hábil músico maneja su instrumento. En aquella época, en que estaba España hundida en la más abyecta miseria é impotencia, supo el gran espíritu de Gondomar presentarla al mundo con la frente alta y con el orgullo prepotente de los pasados días de su mayor grandeza [...] Entraba y salía de palacio no como Embajador, sino como consejero, y pasaba el Rey todo su tiempo de vagar en su compañía, de que no se cansó nunca. Comprendió á Jacobo mejor que ninguno de sus Ministros. Sabía que la cobardía y la vanidad, con la obstinación de un carácter débil, cederían siempre á la osadía, la lisonja y la tenacidad, y no perdió un punto en el juego [...]” Amén do relatado, engade Hume que Gondomar tentou enfrontar a Xacobe (o cal non deixa de criticar en ningún momento) co Parlamento, como influíu Gondomar nos asuntos de relixión ingleses, tratando de crear receos entre os anglicanos, e como se xacta este de ter perseguido ata a morte a Ser Walter Raleigh. Fronte a esta visión manipuladora por parte de Gondomar, temos outra dada por Charles H. Carter, opus cit. pp. 189-208. Carter reconece tamén a influencia de Gondomar na escena política inglesa da época. Pero dínos como esta é mal entendida e interpretada, dándonos esa imaxe maquiavélica de Gondomar que el explica. Por outra banda, no seu artigo, xulga obras por nos citadas como a de Villa-Urrutia sobre a embaixada de Gondomar en Inglaterra en 1613, que el considera un plaxio non moi competente dun libro inglés de F. H. Lyon, e censura o ensaio de Martin Hume ao que nos referimos anteriormente, tachándoo de seguir na liña paródica da persoa de Gondomar. Sen máis, vexamos o que nos di Carter sobre a figura gondomariana: “[...] There has probable never been a more able diplomat sent to England, nor a more influential one? nor one more passionately hated by so many Englishmen?. Neither can one imagine anyone being more thoroughly misrepresented in his own time and after, the much abused James I not accepted. [Engadindo o motivo do seu ensaio] It is the purpose of the present essay to try to put the convencional (mistaken and misleading) historical conception of the man and his actions into somewhat more accurate perspective”. A continuación, danos Carter unha brillante explicación do motivo polo cal Gondomar era chamado o Maquivelo español, vexamos as valiosas e explicativas verbas de Carter, as cales derruban moitos dos prexuízos pasados e futuros sobre o maquiavelismo do noso embaixador: “Ordinary usage of “Machiavellian” today, as represented in the catch phrase “the end justifies the means”, seems mainly concerned with employment of undesirable means, with an implicit acceptance of the possibility that the end itself might be justifiable. But in usage of the time a “Machiavelli” was not only willing to use “bad” means to gain his end, he habitually did so and probably preferred it that way, in keeping with his evil, diabolical nature. This latter was almost a necessary assumption, for not only were the means evil; the end to be gained was evil too. One in fact gets a strong impression from contemporary usage of the term that it was actually the “evil” end a person sought, not the means he used to gain the end, which identified him as a “Machiavelli”; it merely followed that the means would be evil as well, for that was the way a “Machiavelli” naturally went about his business. In the eyes of their English enemies, the end sought by Spain and her ambassador was twofold, encompassing the twin epitomes of political and religious evil: the enslavement of all men under a Universal Monarchy, and the destruction of the Reformed Faith and the subjugation of all True Believers under the despotic yoke of the Roman Anti-Christ. This evil design of the Papistical Spaniards, a vast conspiracy against the free and the Godly, was being advanced right in England by an ambassador who was Spanish, a papist, and apparently successful. Since the end was patently evil, both he and the means he employed must, by very definition, be diabolical. So Gondomar was “the Spanish Machiavelli”. Continuando coa súa argumentación, Carter estráñase de que se Gondomar fose realmente un ser maquiavélico, como podía este rexeitar e deostar o uso da espionaxe por parte dos pensionados como xa temos visto.*
- 27 Villa-Urrutia, opus cit., páx 14. Di sobre Xacobe: “[...] aunque pecara éste de afeminado y débil, era en extremo astuto, tornadizo y engañoso”. Por outra banda, conta como a covardía de Xacobe, o cal o facía vestir cun xubón forrado e acolchado por medo a

- posibles atentados contra a súa vida, era atribuída polo vulgo a que cando a súa nai, María Estuardo, estaba embarazada, veu como era asasinado na súa presenza o seu favorito, o músico italiano David Rizzio.
- 28 Thomas Middleton: *Una partida de ajedrez*. Traducción, introducción y notas de Ángel Luis Pujante, 1983. Esta obra estreada en 1624, foi o maior éxito do teatro renacentista inglés, chegando a representarse nove días seguidos, cando o normal é que cambiasen de obra dun día para outro. Foi retirada de cartel polas protestas do embaixador español (que nesa época non era Gondomar), posto que a peza representaba unha partida de xadrez entre a Casa Branca (Inglaterra) e a Casa Negra (España), nela, a Casa Branca triunfaba fronte a Casa Negra, estandarte da igrexa católica. Nesta obra teatral, Gondomar aparece caricaturizado baixo a figura do Cabaleiro Negro, un verdadeiro maquiavelo. Faise burla na obra non só da concepción diabólica que se tiña por aquel entón do conde, debido aos numerosos libelos que circulaban na súa contra, incluso se retrata a súa coñecida fistula, que o facía moi recoñecido en Londres ao ter que ir moitas veces en cadeira de mans. Cadeira que será usada polo grupo teatral, facendo as delicias e grazas do público que odiaba a Gondomar. Ao cal se refire Middleton con cualificativos tales como a fistula de Europa. Coma un cabaleiro intrigante, que ensinaría a mentir ao mesmísimo díaño. Dise del que coñece todas as fortificacións e medios militares cos que conta Inglaterra (o que realmente, non deixaría de ser unha grande apoloxía da súa tarefa como embaixador, e por outra banda, como vimos, é certo e pode verse no traballo de Ciriaco Pérez Bustamante: “El conde de Gondomar y su proyecto de invasión de Inglaterra”, *Escorial (Revista de Cultura y Letras)*, enero 1941; pp. 17-29. Nállrase tamén como conseguiu a liberación de presos católicos ou a conversión ao catolicismo dunhas trinta e oito mil persoas. Ou os libelos de Thomas Scott, titulados *Vox Populi or News from Spayne* publicado en 1620, que tivo unha segunda parte en 1624, *The Second Part of Vox Populi or Gondomar appering in the liquenes of Matchiavell in a Spanish Parliament*. Véxase Porfirio Sanz Camañes: *Diplomacia Hispano-Inglesa en el siglo XVII: Razón de Estado y Relaciones de Poder durante la Guerra de los Treinta Años, 1618-1648*, 2002, p. 32.
- 29 G. y R. p. 306. Confróntese esta opinión contemporánea de Tobío sobre a relación paritaria entre Gondomar e Xacobe I, coa que recolle Porfirio Sanz Camañes, opus cit., p. 34, do embaixador veneciano en Inglaterra, Girolamo Lando: “*Se ha convertido en un personaje tan poderoso que inspira miedo a todo el mundo. Hace alianzas familiares como apoyo para formar un gran partido... Ha eliminado cualquier tipo de suspicacia que su Majestad [...] pudiese albergar haciéndole creer que aquellos que no dependen de él son puritanos, o incluso para complacer al rey, ha privado a varias personas de sus cargos, su presencia y sus favores, aunque él realmente las amaba, un severo castigo por su inocencia y su honor*”. Sen embargo, Carter, opus cit., p. 204: dános boa mostra de que Xacobe non era para nada un ser cándido, manexable e indeciso: “*There were a good many such cases in which Gondomar took a firm stand and the king acceded to his demands, and since Gondomar got his way this could, perhaps, be called “domination”. On the other hand, when he was angry about Gondomar’s activities or those of Spain, James was capable of calling the ambassador in for a full-fledged dressing down, sometimes going so far, as in the case of Spain’s conduct in the Cleves- Jülich controversy, as openly threatening war. And this “firmness” on Jame’s part did not only take the form of berating Gondomar to his face in the heat of momentary passion. When Gondomar tried to guide Jame’s judgment in one domestic matter, for example, James instructed Buckingham to ignore the ambassador’s repeated attempts to interfere, adding, “If Spain trouble me with suits of this nature both against my justice and honour, their friendship will be more burdensome than useful to me...”*”
- 30 G y R. p. 279.
- 31 G y R. p. 280.
- 32 G y R. p. 281.
- 33 G y R. p. 282.
- 34 G y R. p. 284.
- 35 G y R. p. 288.
- 36 G y R. p. 291. Tobío recalcanos o que segue sobre o modo de actuar de Gondomar: “*Tenía algunos sanos axiomas cuya justificación se basaba en su eficacia. El de que, para ser respetado, no hay que hacer sinrazón ni sufrirla; que el pierde la honra por el provecho suele perder provecho y honra; que no hay más regla segura que la verdad y que el que engaña, a la postre fracasa; y que para ganar hay que arriesgarse pues el que no se juega está ya vencido de entrada*”.
- 37 G y R. p. 291.
- 38 G y R. p. 292.

- 39 José María Castroviejo y Francisco Fernández de Córdoba, opus cit., p. 115. Vemos aquí como Gondomar nunha carta dirixida ao secretario Ciriza a través do seu confesor frei Diego de la Fuente, manifesta a súa idea de non facer concesións perante os ingleses dicindo: *«porque si se hubiera de continuar como hasta aquí ha corrido desde las paces, ya tengo por mucho mejor la guerra para la religión católica y para el estado y la monarquía de España»*. Isto vese perfectamente no plan de invasión de Inglaterra preparado por Gondomar. Este pensaba levar a cabo a invasión a través de Escocia. Como ben reflicte Ciriaco Pérez Bustamante, opus cit.
- 40 *G. y R.* p. 301. Tobío amósanos coma nun extenso memorial aos tres anos de chegar a Londres. Gondomar analiza as vantaxes e inconvenientes da paz asinada con Inglaterra en 1604. Chegando a afirmar Gondomar: *«Una buena paz sería muy de desear porque es lo seguro y la guerra es cosa incierta y, además, porque bajo ella es más fácil desarrollar la riqueza, siempre que se tomen las medidas adecuadas para favorecer el comercio, las artes y las manufacturas, cosa que España no había hecho [...] Si la paz no había dado a España los resultados que cabía esperar, España misma era la culpable con su desidia, imprevisión e incompetencia»*.
- 41 Lois Tobío: *A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca*, 1984. Poden verse as mediacións do conde de Gondomar para tentar de frear, as perdas das novas pesqueiras fronte a ingleses e holandeses e a pugna entre estes dous últimos países que estivo a piques de conducirlos a unha guerra.
- 42 *G. y R.* p. 302. Gondomar recorda como cando el avisa dos pros e contras da paz cos ingleses, un membro do *Consejo Privado* de Inglaterra dicía: *«[...] que si en la guerra habían saqueado pueblos, su dinero les había costado y los pueblos quedaban donde estaban, y que con la paz tenían a Sevilla, Lisboa e Indias en Londres y que con poco más que durase la paz podrían adueñarse de ellas sin un tiro»*.
- 43 Lois Tobío: "O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres", pp.161-162.